

**ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MOTOCICLISMO  
celebrada en Vigo o día 27 de marzo de 2021 ás 11:00 h. en 2ª convocatoria**

Coa asistencia dos membros da Asemblea que a continuación se detallan, baixo a presidencia do presidente D. José Canda Rodríguez e coa asistencia do secretario xeral, Mário Riveiro Martínez.

Asisten:

**ESTAMENTO DE CLUBS:**

MOTO CLUB PAPAYA

TEAM BERNARDEZ

MOTO CLUB VFM

MOTO CLUB SALTAMONTES

**ESTAMENTO DE TÉCNICOS:**

D. JOSÉ BERNÁRDEZ RODRÍGUEZ

D. JULIO SOLLEIRO PÉREZ

D. JOSE CANDA RODRIGUEZ

D. ABILIO ANTUNEZ RODRIGUEZ

**ESTAMENTO DE XUICES-ÁRBITROS:**

D<sup>a</sup> SANDRA FERNANDEZ GONZALEZ

Comeza a asemblea saudando aos presentes e dando as grazas por asistir. Por protocolo Covid declarase a asemblea pechada.

**1. LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA ASEMBLEA ANTERIOR.**

Aprobada por todos os asistentes.

**2. MEMORIA ANUAL 2020 – PROXECTO DEPORTIVO 2021**

O presidente da a benvinda a todos e comeza a facer balance da memoria deportiva do 2020.

*“A verdade é que é moi difícil facer balance dun ano tan complicado. A maioría da actividade programada e declarada pola SXD como “Proxectos de Especial Relevancia- (PER)” foi suspendida. Case que todos os PER estaban calendados na primavera, e aínda que algúns foron adiados coa esperanza de facelos despois do verán, finalmente foron todos cancelados, exceptuando o Cto. do Mundo de Superenduro celebrado en xaneiro. Dentro de eses PER estaban os campionatos de España concedidos a Galicia que incluían probas dos campionatos galegos, que finalmente tamén foron suspendidas. Foron suspendidos CME Lalin, CMSM Forcarei, CET de Arteixo e Baiona, CEE Lalín, CECX O Irixo. A proba do CEMinivelocidade calendada para As Pontes por TMSR finalmente fíxose a través da federación castellano-manchega.*

*Coa axuda do motoclube VFM conseguíuse sacar adiante o calendario de Minivelocidade con 4 probas disputadas e cunha participación parecida a dos anos anteriores. Foi o único campionato que celebrou probas no 2020. Os campioantos de Trial, Motocros, Supercros e Enduro foron cancelando os seus eventos. Tamén foron canceladas as concetracións turísticas calendadas.*

*As licenzas, aínda que baixaron como consecuencia da cancelación das probas, non foi unha baixada tan brusca como cabía esperar. Facer unha comparativa cos anos anteriores non ten sentido neste contexto. A mobilidade concedida aos federados para adestrar axudou a que non baixaran tanto como a situación facía pensar.*

*Por dúas veces modificouse o convenio asinado coa SXD, a cantidade total non sufriu cambios pero deixaron cambiar as partidas dos PER non celebrados e as partidas destinadas a competición de gasto xeral ata o 75% do importe da axuda concedida, o que nos permitiu non pasar apuros este ano.*

*Quero recoñecer o esforzo e a valentía dos clubs que calendan probas no 2021. Grazas a eles presentamos un calendario de actividades en case todas as especialidades”.*

Na páxina 9 do dossier preséntase unha relación dos clubs afiliados a FGM a 18/03/2021. E tamén aparecen os clubs que solicitaron a baixa no 2020, que son CM Teo e Trasgo Racing Team. Relaciona tamén aos que se vai dar de baixa e non se lle vai pasar a cota 2021 por impago de cota 2020, que son Betanzos, Mx Santamariña e Norte Motor. Neste punto o secretario lembra o acordo que tomara a asemblea no 2019 de non pasar a cuota a un club que deba dúas cuotas e dalo de baixa.

Na páxina 10 relacionanse as actividades dos clubs en 2020, por data, modalidade, ámbito e clube organizador. Na px. 11 mostrase gráfico da actividade por provincias.

Na páxina 12 presentase estadística detallada de licenzas de cada clube.

Na páxina 13 presentase a clasificación dos campionatos, trofeos e copas das diferentes disciplinas, enduro, supercros, trial e velocidade. Clasificacións que levan colgadas na web todo ano. Aprobáanse as clasificacións dos CG 2020. Pola pandemia so se celebrou o de Minivelocidade.

Na seguinte folla aparece a relación de pilotos con títulos nacionais 2020.

### 3. INFORME EJERCICIO ECONÓMICO 2020.

Presentase o informe favorable da comisión delegada ás contas do 2020 e a aprobación pola mesma tamén do orzamento 2021 na reunión celebrada o 21 de decembro 2020.

Detállase por partidas a comparativa do orzamento co realizado.

Explica o secretario que a SXD aprobou unha modificación do convenio deixando aumentar a partida de gastos xerais adaptandoas as necesidades da federación. Esta modificación suposo non pasar apuros nun ano tan complicado.

Como consecuencia da pandemia os dereitos de probas, seguros e inscricións foron moito menores dos orzamentados. Os das licenzas sen en cambio non caeron tanto a pesar de que moitas probas foron suspendidas.

**Orzamento 2020 - COMPARATIVA ORZAMENTADO CON REALIZADO APROBADO POLA COMISION DELEGADA 21/12/2020**

| GASTOS<br>CONCEPTO                   | ORZAMENTO 2020      |                     | INGRESOS<br>CONCEPTO             | ORZAMENTO 2020      |                     |
|--------------------------------------|---------------------|---------------------|----------------------------------|---------------------|---------------------|
|                                      | REALIZADO           | ORZAMENTADO         |                                  | REALIZADO           | ORZAMENTADO         |
| <b>SERVIZOS EXTERIORES</b>           | <b>45.491,76 €</b>  | <b>50.604,00 €</b>  | <b>INGRESOS POR SUBVENCIONS</b>  | <b>66.142,75 €</b>  | <b>62.344,00 €</b>  |
| Asesoría Contable Laboral            | 2.541,00 €          | 2.541,00 €          | Subvencions da SxD a FGM         | 60.380,00 €         | 55.280,00 €         |
| Primas de seguros                    | 2.653,75 €          | 4.500,00 €          | Subvencion da SxD a PER**        | 0,00 €              | 5.100,00 €          |
| Comunicacións - Telefonía            | 1.079,92 €          | 1.300,00 €          | Subencions da RFME               | 2.060,15 €          | 1.964,00 €          |
| Salarios + IRPF                      | 25.162,40 €         | 25.500,00 €         | Equipo cronometraxe              | 3.702,60 €          | 0,00 €              |
| Seguros sociais                      | 10.435,20 €         | 10.500,00 €         |                                  |                     |                     |
| Prevenición e riscos laborais        | 222,17 €            | 250,00 €            |                                  |                     |                     |
| Gastos de Asembleas                  | 87,85 €             | 150,00 €            |                                  |                     |                     |
| Gastos X. Direc. e Com. Deleg.       | 0,00 €              | 600,00 €            |                                  |                     |                     |
| Servizos Bancarios                   | 652,28 €            | 1.000,00 €          |                                  |                     |                     |
| Fotocopiadora                        | 121,00 €            | 235,00 €            | <b>COTAS DE CLUBS</b>            | <b>6.764,00 €</b>   | <b>6.000,00 €</b>   |
| Organos Xurisdiccionais              | 2.178,00 €          | 2.178,00 €          |                                  |                     |                     |
| Material de oficina                  | 115,39 €            | 100,00 €            | <b>LICENZAS FEDERATIVAS</b>      | <b>44.899,00 €</b>  | <b>54.500,00 €</b>  |
| Outros Gastos Correntes              | 242,80 €            | 1.500,00 €          |                                  |                     |                     |
| Outros Profesionais Independ.        | 0,00 €              | 250,00 €            | <b>DEREITOS E SEGUROS PROBAS</b> | <b>13.797,25 €</b>  | <b>37.000,00 €</b>  |
|                                      |                     |                     | Dereitos de probas               | 11.200,00 €         | 25.000,00 €         |
|                                      |                     |                     | Seguros de probas                | 2.597,25 €          | 12.000,00 €         |
|                                      |                     |                     | <b>DEREITOS DE INSCRIPCIÓN</b>   | <b>483,00 €</b>     | <b>40.000,00 €</b>  |
| <b>COMPETICIONS-ACTIVIDADES</b>      | <b>29.005,52 €</b>  | <b>119.500,00 €</b> |                                  |                     |                     |
| Subv. FGM clubs organizadores        | 3.900,00 €          | 17.000,00 €         | <b>OUTROS INGRESOS</b>           | <b>3.136,00 €</b>   | <b>19.000,00 €</b>  |
| Gastos competicións                  | 6.350,29 €          | 18.000,00 €         | Competicións                     | 1.800,00 €          | 17.000,00 €         |
| Cronometraxe probas                  | 2.753,54 €          | 7.000,00 €          | Outros Ingresos                  | 1.336,00 €          | 2.000,00 €          |
| Trofeos e Diplomas CG                | 1.764,69 €          | 3.000,00 €          |                                  |                     |                     |
| Dtos probas e seguros RC RFME/FIM    | 9.985,00 €          | 31.000,00 €         |                                  |                     |                     |
| Inscripcións                         | 482,00 €            | 39.500,00 €         |                                  |                     |                     |
| Outros gastos competicións (Mx auto) | 0,00 €              | 4.000,00 €          |                                  |                     |                     |
| Axudas RFME CE 2019                  | 1.100,00 €          | 0,00 €              |                                  |                     |                     |
| Abono RFME dereitos CMSE 2020        | 2.670,00 €          |                     |                                  |                     |                     |
| <b>DOTACION AS AMORTIZACIONES</b>    | <b>4.996,41 €</b>   | <b>5.440,00 €</b>   |                                  |                     |                     |
| <b>LICENZAS FEDERATIVAS</b>          | <b>23.742,94 €</b>  | <b>37.000,00 €</b>  |                                  |                     |                     |
| <b>COTAS AFILIACIÓN CLUBS</b>        | <b>1.595,00 €</b>   | <b>1.200,00 €</b>   |                                  |                     |                     |
| Pago axuda SxD P.E.R.                | 0,00 €              | 5.100,00 €          |                                  |                     |                     |
| Provisión seguro Acc. Deportivos     | 945,00 €            |                     |                                  |                     |                     |
|                                      |                     |                     |                                  |                     |                     |
| **indemnización despido              | 12.000,00 €         |                     |                                  |                     |                     |
| <b>TOTAL GASTOS</b>                  | <b>105.776,63 €</b> | <b>218.844,00 €</b> | <b>TOTAL INGRESOS</b>            | <b>135.222,00 €</b> | <b>218.844,00 €</b> |

\*\* a título informativo

Para ratificación por asemblea xeral 27/03/2020

Levase a votación a aprobación das contas do 2020 cun resultado de 9 votos a favor, 0 en contra e 0 abstencións.

Presentase orzamento para o 2021, non ten moito sentido tomar como referencia o ano 2020, xa que todas as partidas diminuíron por causa da Covid, e todos concordan en tomar como referencia o 2019 para elaborar o orzamento do 2021.

**Orzamento FGM 2021 - APROBADO POR COMISION DELEGADA 21/12/2020**

| GASTOS                               |                     | INGRESOS                         |                     |
|--------------------------------------|---------------------|----------------------------------|---------------------|
| CONCEPTO                             | ORZAMENTADO         | CONCEPTO                         | ORZAMENTADO         |
| <b>SERVIZOS EXTERIORES</b>           | <b>51.104,00 €</b>  | <b>INGRESOS POR SUBVENCIONS</b>  | <b>62.344,00 €</b>  |
| Asesoría Contable Laboral            | 2.541,00 €          | Subvencions da SXD a FGM         | 55.280,00 €         |
| Primas de seguros                    | 4.500,00 €          | Subvencion da SXD a PER          | 5.100,00 €          |
| Comunicacions - Telefonía            | 1.300,00 €          | Subvencions da RFME              | 1.964,00 €          |
| Salarios + IRPF                      | 26.000,00 €         |                                  |                     |
| Seguros sociais                      | 10.500,00 €         |                                  |                     |
| Prevenición e riscos laborais        | 250,00 €            |                                  |                     |
| Gastos de Asembleas                  | 150,00 €            |                                  |                     |
| Gastos X. Direc. e Com. Deleg.       | 600,00 €            |                                  |                     |
| Servizos Bancarios                   | 1.000,00 €          |                                  |                     |
| Fotocopiadora                        | 235,00 €            | <b>COTAS DE CLUBS</b>            | <b>6.000,00 €</b>   |
| Organos Xurisdiccionais              | 2.178,00 €          |                                  |                     |
| Material de oficina                  | 100,00 €            | <b>LICENZAS FEDERATIVAS</b>      | <b>55.000,00 €</b>  |
| Outros Gastos Correntes              | 1.500,00 €          |                                  |                     |
| Outros Profesionais Independ.        | 250,00 €            | <b>DEREITOS E SEGUROS PROBAS</b> | <b>37.000,00 €</b>  |
|                                      |                     | Dereitos de probas               | 25.000,00 €         |
|                                      |                     | Seguros de probas                | 12.000,00 €         |
|                                      |                     |                                  |                     |
|                                      |                     | <b>DEREITOS DE INSCRICIÓN</b>    | <b>40.000,00 €</b>  |
| <b>COMPETICIONS-ACTIVIDADES</b>      | <b>119.500,00 €</b> |                                  |                     |
| Subv. FGM clubs organizadores        | 17.000,00 €         | <b>OUTROS INGRESOS</b>           | <b>19.000,00 €</b>  |
| Gastos competicións                  | 18.000,00 €         | Competicions                     | 17.000,00 €         |
| Cronometraxe probas                  | 7.000,00 €          | Outros Ingresos                  | 2.000,00 €          |
| Trofeos e Diplomas CG                | 3.000,00 €          |                                  |                     |
| Dtos probas e seguros RC RFME/FIM    | 31.000,00 €         |                                  |                     |
| Inscricions                          | 39.500,00 €         |                                  |                     |
| Outros gastos competicións (Mx auto) | 4.000,00 €          |                                  |                     |
| Axudas RFME CE 2019                  | 0,00 €              |                                  |                     |
|                                      |                     |                                  |                     |
|                                      |                     |                                  |                     |
| DOTACION AS AMORTIZACIONES           | 5.440,00 €          |                                  |                     |
| LICENZAS FEDERATIVAS                 | 37.000,00 €         |                                  |                     |
| COTAS AFILIACIÓN CLUBS               | 1.200,00 €          |                                  |                     |
| Pago axuda SXD P.E.R.                | 5.100,00 €          |                                  |                     |
|                                      |                     |                                  |                     |
|                                      |                     |                                  |                     |
| **indemnización despido              | 12.000,00 €         |                                  |                     |
| <b>TOTAL GASTOS</b>                  | <b>219.344,00 €</b> | <b>TOTAL INGRESOS</b>            | <b>219.344,00 €</b> |

\*\* a título informativo

Procedese a votación do orzamento 2020 por un montante de 219.344,00 € detallado por partidas, con 9 votos favorables, 0 en contra e 0 abstencións.

Na seguinte páxina detallase a proposta da Comisión Delegada para as tarifas de licenzas 2021, nas que acordaron manter os prezos do ano anterior xa que o seguro mantivo as tarifas. O secretario informa que estas tarifas xa se están aplicando dende o 1 de xaneiro, pois aos pilotos que queren adestrar ou competir a primeiros de mes hai que darlles trámite de licenza.

Votase a proposta de tarifas licenzas e queda aprobada con 09 votos a favor, 0 en contra e 0 abstencións.

Na páxina 19 presentase a proposta de tarifas de dereitos de proba aprobada pola CD. A proposta é ratificada pola asemblea. Quedando os dereitos das probas coas mesmas tarifas do ano pasado.

O secretario informa de que nas tarifas de inscricións que se propoñen na px. 20, está incluída a subida aprobada o ano pasado, na que se acordara subir 5€ no 2020 e outros 5€ no 2021. Para ir actualizando o desfase que hai co que cobran o resto das federacións territoriais. Sandra Fernández, propón que a de minivelocidade non suba tanto. Despois de debater os asembleistas, acordase deixala en 25€ para 4.2 e 31€ para Minigp. A cota de clube aprobase en 121€. As tarifas de inscrición CG 2021 é aprobada por unanimidade.

## **PRESENTASE O REGULAMENTO DE LICENZAS 2021 PARA APROBACIÓN.**

O Secretario informa aos asembleistas que é obrigatorio por lei a partir de este ano aprobar o regulamento de licenzas. A proposta xa fora enviada co dossier da asemblea. Pregunta se alguén quere engadir algo ou bota algo de menos. O regulamento é aprobado por 9 votos a favor, 0 en contra e 0 abstencións. Texto aprobado:

### **REGULAMENTO LICENZAS FGM.**

Artigo 1. O presente Regulamento establece as condicións das licenzas da Federación Galega de Motociclismo para a tempada 2021. No que non estea expresamente regulado será de aplicación o disposto nos Estatutos e Regulamentos da FGM e, subsidiariamente, nos Estatutos e Regulamentos da Real Federación Motociclista Española.

Artigo 2. A integración na FEDERACIÓN GALEGA DE MOTOCICLISMO (FGM) producirase mediante a expedición da licenza federativa. Dita expedición será acordada pola Xunta Directiva.

En todo caso, para a participación en actividades ou competicións oficiais de ámbito autonómico será preciso estar en posesión da licenza expedida pola FGM.

O titular de licenza comprométese a respectar e acatar os estatutos e os regulamentos da Federación Galega e das Federacións nas que está integrada.

As entidades deportivas poderán integrarse, a petición propia, na FGM, sempre que teñan o seu enderezo social e desenvolvan a súa actividade en Galicia e estean constituídas conforme aos requisitos esixidos pola lexislación vixente e inscritos non Rexistro de Entidades Deportivas de la Xunta de Galicia, debendo comprometerse a cumprir o disposto nos Estatutos e Regulamentos da FGM, e someterse á autoridade dos órganos federativos, en relación coas materias da súa competencia.

Os mesmos criterios e requisitos, non que sexa de aplicación, rexerán para a integración dos deportistas, xuíces-árbitros e técnicos.

Artigo 3. A solicitude de licenza deberá ser respondida non prazo de quince días. A Xunta Directiva da FGM debe asegurarse da identidade e nacionalidade do solicitante, de súa idade, saúde e aptitude para tomar

parte en competicións motociclistas correspondentes á categoría da licenza solicitada. Así mesmo, verificará que non se atopa privado do seu exercicio, descualificado o inhabilitado. Só poderá denegarse a licenza de forma escrita e motivada cando se incumplan os requisitos establecidos para a súa expedición.

A denegación de licenza poderá ser recorrida perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

**Artigo 4.** O titular dunha licenza tramitada e expedida pola Federación Galega de Motociclismo non poderá solicitar expedición doutra licenza a través de diferente federación motociclista autonómica durante a mesma tempada.

Poderá concederse licenza federativa, calquera que sexa a nacionalidade do solicitante e respectando a lexislación vixente para cidadáns da Unión Europea, a quen teña residencia en Galicia e non posúa licenza doutra federación motociclista nacional o autonómica. Quen sendo titular de licenza pola FGM obteña outra licenza por outra federación nacional o autonómica deberá optar non prazo de dez días e si non o fai entenderase que renuncia á licenza da FGM. O anterior non será aplicable a las licenzas da Real Federación Motociclista Española, que serán sempre compatibles coas da Federación Galega.

**Artigo 5.** O menores de idade deberán acompañar á súa solicitude a correspondente autorización de menores, subscrita polo pai, nai ou titor/a. Nela autorizará ao menor a participar en competicións motociclistas asumindo a responsabilidade que se puidese derivar da súa participación.

**Artigo 6.** As persoas con minusvalías físicas deberán entregar, xunto con la solicitude de licenza, dous certificados de diferentes médicos especialistas en medicina deportiva que informen da súa aptitude para participar en competicións motociclistas.

**Artigo 7.** Os prezos das licenzas para a tempada 2021 serán os seguintes:

| CATEGORÍA                                      | GALEGA |        | HOMOLOGADA |        | REPARTO |       |       |       |
|--|--------|--------|------------|--------|---------|-------|-------|-------|
|  | CLUB   | INDEP. | CLUB       | INDEP. | SEG     | FGM   | RFME  | F.P.  |
| SENIOR - VETERANOS                             | 390 €  | 420 €  | 435 €      | 465 €  | 280 €   | 130 € | 24 €  | 1 €   |
| JUNIOR   | 385 €  | 415 €  | 410 €      | 440 €  | 280 €   | 105 € | 24 €  | 1 €   |
| CADETE (**XOGADE)                              | 100 €  | 130 €  | 160 €      | 190 €  | Xogade  | 144 € | 15 €  | 1 €   |
| XUVENIL (**XOGADE)                             | 100 €  | 130 €  | 160 €      | 190 €  | Xogade  | 144 € | 15 €  | 1 €   |
| ALEVIN (**XOGADE)                              | 100 €  | 130 €  | 160 €      | 190 €  | Xogade  | 144 € | 15 €  | 1 €   |
| TRIAL (+15 anos)                               | 245 €  | 275 €  | 275 €      | 305 €  | 150 €   | 100 € | 24 €  | 1 €   |
| ENDURO/CROSS-COUNTRY ANUAL REX.                | 245 €  | 245 €  |            |        | 150 €   | 100 € | 24 €  | 1 €   |
| MINIMOTOS (+14 (SCOOTERS, PIT & POCKET BIKES)) | 245 €  | 275 €  | 275 €      | 305 €  | 150 €   | 100 € | 24 €  | 1 €   |
| XOGADE   | 60 €   | 90 €   |            |        | Xogade  | 60 €  | 0,0 € | 0,0 € |
| 1 COMPETICIÓN CTOS. (1D.) - 2 x temp           | 65 €   | 75 €   | 71 €       | 81 €   | 40 €    | 25 €  | 5 €   | 1 €   |
| 1 COMPETICIÓN CTOS. (2D.) - 2 x temp           | 95 €   | 105 €  | 101 €      | 111 €  | 75 €    | 20 €  | 5 €   | 1 €   |
| 1 COMPETICIÓN CTOS. (3D.) - 2 x temp           | 120 €  | 130 €  | 126 €      | 136 €  | 125 €   | 20 €  | 5 €   | 1 €   |
| SOCIAL   | 180 €  | 210 €  |            |        | 115 €   | 65 €  | 0,0 € | 0,0 € |
| SOCIAL 1 DÍA (máximo 2 x tempada)              | 65 €   | 75 €   |            |        | 40 €    | 25 €  | 0,0 € | 0,0 € |

|   |       |       |  |       |       |  |        |       |       |       |
|---|-------|-------|--|-------|-------|--|--------|-------|-------|-------|
| SOCIAL 2 DÍAS (máximo 2 x tempada)      | 95 €  | 105 € |  |       |       |  | 75 €   | 20 €  | 0,0 € | 0,0 € |
| HOBBY / HARD ENDURO                     | 150 € | 180 € |  | 161 € | 191 € |  | 115 €  | 30 €  | 15 €  | 1 €   |
| HOBBY / HARD ENDURO 1 DÍA (2 x temp)    | 30 €  | 40 €  |  | 50 €  | 60 €  |  | 15 €   | 29 €  | 5 €   | 1 €   |
| ADVENTURING / MTR                       | 150 € | 180 € |  | 161 € | 191 € |  | 115 €  | 30 €  | 15 €  | 1 €   |
| ADVENTURING / MTR 1 DÍA                 | 30 €  | 40 €  |  | 50 €  | 60 €  |  | 15 €   | 29 €  | 5 €   | 1 €   |
| CREDENCIAL MOTOTURISMO                  | 35 €  | 50 €  |  | 35 €  | 50 €  |  | 0,00 € | 24 €  | 10 €  | 1 €   |
| ACREDITACIÓN MEC / MOCHILEIRO           | 160 € | 190 € |  | 196 € | 226 € |  | 105 €  | 75 €  | 15 €  | 1 €   |
| CREDENCIAL COMISARIO PISTA              | 60 €  | 70 €  |  | 141 € | 151 € |  | 50 €   | 85 €  | 5 €   | 1 €   |
| CREDENCIAL COMISARIO PISTA (4D)         | 20 €  | 30 €  |  | 40 €  | 50 €  |  | 15 €   | 19 €  | 5 €   | 1 €   |
| INICIACIÓN NON COMPETITIVA (4 a 6 anos) | 65 €  | 95 €  |  | 71 €  | 91 €  |  | 40 €   | 30 €  | 0,0 € | 1 €   |
| CARGO OFICIAL                           | 160 € | 190 € |  | 230 € | 260 € |  | 105 €  | 100 € | 24 €  | 1 €   |
| CARGO OFICIAL 1P (4 Días)               | 40 €  | 45 €  |  |       |       |  | 30 €   | 10 €  | 0,0 € | 0,0 € |
| CURSIÑO/ENTRENOS DIA (Trial-miniVel)    | 15 €  | 18 €  |  |       |       |  | 10 €   | 5 €   | 0,0 € | 0,0 € |
| CURSIÑO/ENTRENOS DIA (MX-SX-CX-EN)      | 20 €  | 23 €  |  |       |       |  | 15 €   | 5 €   | 0,0 € | 0,0 € |
| CURSIÑO/ENTRENOS DIA (VEL-SM)           | 27 €  | 30 €  |  |       |       |  | 20 €   | 7 €   | 0,0 € | 0,0 € |
|   |       |       |  |       |       |  |        |       |       |       |
| COTA ANUAL MOTO CLUBE                   | 121 € |       |  | 145 € |       |  |        |       |       |       |

#### Artigo 8. Aptitude das licenzas.

A licenza Homologada é a única válida para participar en Campionatos de España (CE) e en todo territorio nacional en probas e adestramentos federados. Inclúe a licenza galega. É tamén válida para participar en Campionatos Galegos (CG).

A licenza Galega é válida para participar en Campionatos Galegos. Pódese ampliar a homologada RFME pagando a diferenza de prezo.

A licenza Social é válida para probas sociais e adestramentos comunicados en zona privada, e puntúa só para os TROFEOS SOCIAIS convocados CG. Non puntúa para os CG.

A licenza Xogade Infantil é válida para participar en probas celebradas en Galicia, puntúa para os CG, non é válida fora de Galicia.

Artigo 9. Todas as licenzas deberán ser tramitadas có boletín de solicitude cuberto e selado polo moto club que a tramita, acompañada da fotocopia do DNI ou carné de conducir. Cando se tramiten de forma telemática a documentación requirida deberá enviarse por correo-e.

Licenza Categoría "SÉNIOR":

Expedirase previa cumprimentación dos trámites regulamentarios, aos pilotos que a soliciten despois de estar un ano en posesión de Licenza Júnior, ou aqueles pilotos que estiveron en posesión da licenza Júnior 3 anos.

Acta asemblea xeral FGM 27/03/2021

#### Licenza Categoría "JÚNIOR":

Expedirase previa cumprimentación dos trámites regulamentarios, aos pilotos a partir de 15 anos cumpridos. Os menores de 18 anos deberán presentar obrigatoriamente AUTORIZACIÓN DE MENORES, a licenza Júnior poderase sacar un máximo de tres anos.

#### Licenza Categoría "VETERANO":

Expedirase previa cumprimentación dos trámites regulamentarios aos pilotos que cumpran as idades regulamentarias da categoría na que compiten.

Os maiores de 55 anos deberán presentar certificado médico.

#### Licenza Categoría CADETE-XUVENIL-ALEVIN:

Expedirase, previa cumprimentación dos trámites regulamentarios aos pilotos que a soliciten, previa presentación do Certificado Médico de aptitude física e autorización paterna por escrito e coa sinatura recoñecida. Obrigatorio estar en posesión de DNI.

Artigo 10. Os pilotos con licenza Cadete, Xuvenil e Alevín terán limitada a súa participación a competicións que se celebren en circuitos fechados e que sexan exclusivas para a súa categoría.

Tódolos pilotos destas categorías deberán presentar coa súa licenza obrigatoriamente a AUTORIZACIÓN DE MENORES asinada polo pai e nai:

CATEGORÍA CADETE: Dos 14 aos 15 anos. (Non ano que cumpren 16 teñen que sacar a Jun.)  
CATEGORÍA XUVENIL: Desde os 11 aos 13 anos.  
CATEGORÍA ALEVIN: Desde os 6 anos ata os 11. (OBRIGATORIO TER 6 ANOS CUMPRIDOS)  
ACREDITACIÓN INFANTIL (NON COMPETITIVA): 4-6 ANOS

#### Artigo 11. Licenza "UNHA COMPETICIÓN":

Expedirase aos pilotos que a soliciten, cos mesmos requisitos anteriores para cada categoría e só será válida para unha competición. Máximo dúas por ano.

Artigo 12. TRÁMITES INTERNACIONAIS DE LICENZA. As licenzas internacionais tramítanse directamente na RFME. Antes de facer calquera trámite internacional hai que ter tramitada a licenza homologada RFME.

Artigo 13. Todos os pilotos que non teñan carné de conducir deberan presentar certificado médico de aptitude física e fotocopia e DNI, só poderán participar en probas celebradas en circuíto fechado.

Artigo 14. Na fin de semana que haxa unha proba/adestramento non federado nun circuíto, zona, percorrido etc non se poderá activar o seguro de adestramentos para ese circuíto ou zona.



## **PROPOSTAS VARIAS:**

### **CG VELOCIDADE NOVA CATEGORÍA.**

VFM propón crear a categoría Junior Gp no CG de Minivelocidade. A proposta xa fora aceptada pola Comisión Delegada. A asemblea ratifica a creación desta nova categoría.

### **PUNTUACIÓN CG**

O motoclube Papaya propón que os participantes dos CG que teñan licenza por outras comunidades puntuen para a clasificación dos CG. Agora mesmo poden participar con dereito a podio, trofeo pero sen clasificar. A proposta é rexeitada por 6 votos en contra 2 abstencións e 1 voto a favor. Decídese continuar coa normativa actual.

### **SOLICITUDE DE TMSR DE CRONOMETRAR O CG COS SEUS MEDIOS**

O secretario informa a asemblea que o mc TMSR solicitou cronometrar co seu equipo a proba que teñen solicitada do CG de Minivelocidade. Esta proposta xa foi tratada pola delegada do 24 de marzo e foi rexeitada. O secretario dí que cando informou a TMSR da decisión, enviou un correo-e solicitando a motivación de tal decisión. A asemblea ratifica a decisión da CD e o motivo que dan é que é responsabilidade da FGM garantir o cronometraxe dos CG, para o cal ten o equipo humano e material que fai a cronometraxe de todos CG. Outros inciden que non se pode deixar na man de cada organizador a cronometraxe da proba, sería abrir un precedente que outros organizadores poderían aproveitar para solicitalo tamén.

### **ACLARACIÓN CONDICIÓNS ORGANIZACIÓN CTOS. GALEGOS**

Tense detectado o mal uso dos logos da FGM e lembrese unha das condicións para organizar CG.

- Obrigatoria a utilización dos logos oficiais do DEPORTE GALEGO - SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE e o da FEDERACION GALEGA DE MOTOCICLISMO (recomendase incluír o da DEPUTACION PROVINCIAL e CONCELLO na que se celebre coa finalidade de que o club organizador poda optar a posibles subvencións que convoquen) en toda difusión (carteis, fondo de podio, programas, avances, ou calquera outro soporte no que se promocióne o evento).

Aclaración: Os logos da FGM, da SXD e Deporte Galego deben ir xuntos, no mesmo tamaño. De incluír os logos do Concello e Deputación, deben ir no mesmo plano e tamaño cos anteriores.

Acordase encomendar a compra de 6 plumas de meta para poñer nas probas que se cronometren co equipo da FGM.

### **CALENDARIOS 2021**

O secretario da lectura das probas calendadas para a tempada 2021. Despois de dar lectura as probas calendadas polo mc A Peroxa como sociais e coa denominación “Trofeo Enduro Ligadamoto” pide a palabra Carlos Manteiga (mc Saltamontes) decindo que non lle parece correcto a denominación do trofeo social. Expón que esa era a denominación de cando as facían non federadas e deberían propoñer unha nova denominación para desvinculalas das non federadas organizadas anteriormente. A raíz de este comentario outro asembleista comenta que outras federacións xa teñen vetado a denominación de “Liga”. Outros opinan que quen pide as probas é o mc A Peroxa, que debe ser quen figure na súa relación ca federación. Nin a LGMC nin ACARD están dadas de alta na FGM. A Asemblea da instrucións ao secretario para que consulte a denominación coa asesoría xurídica, se poden usar a denominación Liga. Tamén lle dicen que recomenden ao clube denominar o trofeo social de Enduro de outra maneira, xa que a Ligadamoto non ten

relación ningunha coa federación para aparecer como organizador. O secretario informa de que hai dúas probas calendadas por mc A Peroxa que solicitan a mesma data que o CEE. A asemblea dille ao secretario que informe ao mc A Peroxa que por acordo de asemblea anterior as probas non poden ser celebradas na mesma data co CG e CE da mesma especialidade. No mesmo caso encontrase a de Hard Enduro de A Rúa, aínda que non ten culpa, xa que moveron a de CE. Vaiselle pedir tamén ao organizador que a cambie esa data.

O calendario é aprobado por todos os asistentes.

| CALENDARIO XERAL PROBAS FGM 2021 |                             |    |    |     |  |    |    |     |   |    |    |     |                     |    |    |                                       |                     |    |    |     |                           |
|----------------------------------|-----------------------------|----|----|-----|--|----|----|-----|---|----|----|-----|---------------------|----|----|---------------------------------------|---------------------|----|----|-----|---------------------------|
| DATAS                            | MX - SX                     |    |    |     | ENDURO - HARD ENDURO - CROSS COUNTRY       |    |    |     | TRIAL                                   |    |    |     | VELOCIDADE          |    |    |                                       | TURISMO             |    |    |     |                           |
|                                  | ORGANIZADOR - LUGAR         | CG | CE | SOC | ORGANIZADOR - LUGAR                        | CG | CE | SOC | ORGANIZADOR - LUGAR                     | CG | CE | SOC | ORGANIZADOR - LUGAR | CG | CE | SOC                                   | ORGANIZADOR - LUGAR | CG | CE | SOC |                           |
| 14-02-21                         |                             |    |    |     |  |    |    |     |   |    |    |     |                     |    |    |                                       |                     |    |    |     |                           |
| 21-02-21                         |                             |    |    |     |  |    |    |     |   |    |    |     |                     |    |    |                                       |                     |    |    |     |                           |
| 27-02-21                         |                             |    |    |     |  |    |    |     |   |    |    |     |                     |    |    |                                       |                     |    |    |     |                           |
| 07-03-21                         |                             |    |    |     |  |    |    |     |   |    |    |     |                     |    |    |                                       |                     |    |    |     |                           |
| 13-03-21                         |                             |    |    |     |  |    |    |     |   |    |    |     |                     |    |    |                                       |                     |    |    |     |                           |
| 21-03-21                         |                             |    |    |     |  |    |    |     |   |    |    |     |                     |    |    |                                       |                     |    |    |     |                           |
| 28-03-21                         |                             |    |    |     |  |    |    |     |   |    |    |     |                     |    |    |                                       |                     |    |    |     |                           |
| 04-04-21                         |                             |    |    |     |  |    |    |     |   |    |    |     |                     |    |    |                                       |                     |    |    |     |                           |
| 11-04-21                         |                             |    |    |     | A PEROXIA - TROFEO SOCIAL ENDURO PIÑOR     |    |    | X   |   |    |    |     |                     |    |    | VFM - FORCAREI                        |                     | X  |    | X   |                           |
| 18-04-21                         |                             |    |    |     |  |    |    |     | SALTAMONTES/MMA - CET ARTEIXO           |    |    | X   |                     |    |    |                                       |                     |    |    |     |                           |
| 25-04-21                         |                             |    |    |     |  |    |    |     |   |    |    |     |                     |    |    |                                       |                     |    |    |     |                           |
| 02-05-21                         |                             |    |    |     |  |    |    |     |   |    |    |     |                     |    |    |                                       |                     |    |    |     |                           |
| 09-05-21                         |                             |    |    |     | A PEROXIA - TROFEO SOCIAL ENDURO ROIS      |    |    | X   |   |    |    |     |                     |    |    | VFM - OUTEIRO DE REI I                |                     | X  |    | X   |                           |
| 16-05-21                         |                             |    |    |     | MNM - CGE & CEE LALIN 2D                   |    | X  | X   |   |    |    |     |                     |    |    | AKM - COPA IBERICA ETG - AS PONTES I  |                     |    |    | X   |                           |
| 23-05-21                         |                             |    |    |     |  |    |    |     |   |    |    |     |                     |    |    |                                       |                     |    |    |     |                           |
| 29-05-21                         |                             |    |    |     |  |    |    |     | MMA - ARTEIXO - TRIAL INFANTIL I        |    | X  | X   |                     |    |    |                                       |                     |    |    |     |                           |
| 30-05-21                         |                             |    |    |     |  |    |    |     | MMA - ARTEIXO I                         |    | X  | X   |                     |    |    |                                       |                     |    |    |     | AML - RUTA CASTREXA       |
| 06-06-21                         |                             |    |    |     | PAPAYA - CGE - O IRIBO                     |    | X  | X   |   |    |    |     |                     |    |    |                                       |                     |    |    |     |                           |
| 13-06-21                         |                             |    |    |     | A PEROXIA - TROFEO SOCIAL ENDURO A PEROXIA |    |    | X   |   |    |    |     |                     |    |    |                                       |                     |    |    |     |                           |
| 20-06-21                         |                             |    |    |     |  |    |    |     | SALTAMONTES - PRESABAS                  |    | X  | X   |                     |    |    | VFM - A PASTORIZA                     |                     | X  |    | X   |                           |
| 27-06-21                         |                             |    |    |     |  |    |    |     |   |    |    |     |                     |    |    |                                       |                     |    |    |     |                           |
| 04-07-21                         |                             |    |    |     |  |    |    |     |   |    |    |     |                     |    |    |                                       |                     |    |    |     |                           |
| 11-07-21                         |                             |    |    |     |  |    |    |     |   |    |    |     |                     |    |    |                                       |                     |    |    |     |                           |
| 18-07-21                         |                             |    |    |     |  |    |    |     |   |    |    |     |                     |    |    | VFM - CIRCUITO POR CONFIRMAR          |                     |    |    | X   |                           |
| 25-07-21                         |                             |    |    |     |  |    |    |     |   |    |    |     |                     |    |    |                                       |                     |    |    |     |                           |
| 01-08-21                         |                             |    |    |     |  |    |    |     |   |    |    |     |                     |    |    |                                       |                     |    |    |     |                           |
| 08-08-21                         |                             |    |    |     |  |    |    |     |   |    |    |     |                     |    |    |                                       |                     |    |    |     |                           |
| 15-08-21                         |                             |    |    |     |  |    |    |     |   |    |    |     |                     |    |    |                                       |                     |    |    |     |                           |
| 22-08-21                         |                             |    |    |     |  |    |    |     |   |    |    |     |                     |    |    | TMSR - AS PONTES CG + CUP DANI RIVAS  |                     | X  |    | X   |                           |
| 29-08-21                         |                             |    |    |     |  |    |    |     |   |    |    |     |                     |    |    | VFM - FORCAREI - CTO MUNDO & EUR SM   |                     |    |    | CM  |                           |
| 05-09-21                         |                             |    |    |     |  |    |    |     |   |    |    |     |                     |    |    |                                       |                     |    |    |     |                           |
| 12-09-21                         |                             |    |    |     |  |    |    |     | MMA - CURSO TRIAL WORLD                 |    |    | X   |                     |    |    | VFM CGE & CE MINIVEL - CIRCUITO??     |                     | X  | X  |     |                           |
| 19-09-21                         |                             |    |    |     |  |    |    |     | PM VALMIÑOR - CTO. MUNDO TRIAL - BAIONA |    |    | CM  |                     |    |    | DIRT TRACK PAPAYA - O PORRIÑO         |                     |    |    | X   |                           |
| 26-09-21                         |                             |    |    |     |  |    |    |     |   |    |    |     |                     |    |    | VFM - OUTEIRO DE REI II               |                     |    |    | X   |                           |
| 03-10-21                         | CGMX O CARRIO LALIN         |    | X  | X   |  |    |    |     |   |    |    |     |                     |    |    |                                       |                     |    |    |     |                           |
| 10-10-21                         | SALTAMONTES - CG SX ARTEIXO |    | X  | X   |  |    |    |     |   |    |    |     |                     |    |    |                                       |                     |    |    |     |                           |
| 17-10-21                         | CGMX TABOXA                 |    | X  | X   | A PEROXIA - TROFEO SOCIAL ENDURO ABEGONDO  |    |    | X   |   |    |    |     |                     |    |    | VFM - CIRCUITO??                      |                     | X  |    | X   |                           |
| 24-10-21                         |                             |    |    |     | A PEROXIA - HARD ENDURO CARBALLIÑO         |    |    | X   |   |    |    |     |                     |    |    | AKM - COPA IBERICA ETG - AS PONTES II |                     |    |    | X   |                           |
| 30-10-21                         |                             |    |    |     |  |    |    |     | MMA - ARTEIXO - TRIAL INFANTIL II       |    | X  | X   |                     |    |    |                                       |                     |    |    |     |                           |
| 31-10-21                         |                             |    |    |     | CSR - CGE - LUGAR POR DETERMINAR           |    | X  | X   | MMA - ARTEIXO II                        |    | X  | X   |                     |    |    |                                       |                     |    |    |     | CM VIGO - VOLTA A GALICIA |
| 07-11-21                         | SALTAMONTES - CG SX ALFOZ   |    | X  | X   | A PEROXIA - TROFEO SOCIAL ENDURO SALCEDA   |    |    |     |   |    |    |     |                     |    |    |                                       |                     |    |    |     |                           |
| 14-11-21                         |                             |    |    |     |  |    |    |     |   |    |    |     |                     |    |    |                                       |                     |    |    |     |                           |
| 21-11-21                         |                             |    |    |     |  |    |    |     | MMA - EXCURSION SOCIAL                  |    |    | X   |                     |    |    |                                       |                     |    |    |     |                           |
| 28-11-21                         |                             |    |    |     | A PEROXIA - HARD ENDURO                    |    |    | X   |   |    |    |     |                     |    |    |                                       |                     |    |    |     |                           |
| 05-12-21                         |                             |    |    |     | ENDURO XL OURENSE - CG HARD END. A RUA     |    | X  | X   |   |    |    |     |                     |    |    |                                       |                     |    |    |     |                           |
| 11-12-21                         |                             |    |    |     |  |    |    |     | MMA - ARTEIXO - TRIAL INFANTIL III      |    | X  | X   |                     |    |    |                                       |                     |    |    |     |                           |
| 12-12-21                         |                             |    |    |     |  |    |    |     |   |    |    |     |                     |    |    |                                       |                     |    |    |     |                           |

## ROGOS e PREGUNTAS.

Carlos Manteiga quere deixar constancia da dificultade que están a ter os pilotos para adestrar nos circuitos onde se celebran os Ctos. de España (CE). Os pilotos queren saír a adestrar fora de Galicia pero agora mesmo a mobilidade é so para competir nos CE e deporte profesional. A FGM non pode expedir certificados para fora de Galicia. Feita a consulta coa SXD, a resposta foi esa. O secretario comenta que chegaron varios escritos a ese respecto, e que foron enviados a SXD.

Sandra Fernández propón que a FGM se faga cargo da primeira licenza dos nenos de 6 a 15 anos que queren probar por primeira vez o motociclismo e sacan a de adestramentos 1 día para ir a un curso. Isto incentivaría a participación nas escolas e no futuro, de gustarlles, sacarían a anual. A proposta é aprobada sen votos en contra.

Dáse por concluída a asemblea as 12:47 do 27 de marzo de 2021.

Vº Bº. Ppresidente FGM  
José Canda Rodríguez

Asdo. Secretario Xeral  
Mário Riveiro

